



## CIRCULAR FIN DE CURSO 2022 / 2023

Moi boas:

Quedan xa moi poucos días para rematar o curso, por iso queremos informarvos dalgunhas cuestións importantes:

- O último día lectivo é o **mércores 21**. As cualificacións serán publicadas na aplicación ABALARMOBIL coma xa é habitual e tamén as levarán impresas para casa.
- A **Festa de fin de curso** con actuacións de E. Infantil , 2º, 4º e 6º de Primaria será o martes 20 para todo o alumnado pola mañá e ás 17:00 horas para as familias do alumnado que actúe. Por cuestións de aforo non asistirán o resto dos cursos. A asistencia está pensada para os familiares máis próximos. Pola mañá deberán vir vestidos coa roupa que indique cada titor ao igual que pola tarde. Os alumnos que actúen deberán estar no centro ás 16:30 horas e ás 17:00 abriranse as portas ás familias. Durante a festa o alumnado estará co seu mestre titor ata que remate a mesma.
- O **mércores 21** todo o alumnado traerá o **chándal** do colexio obrigatoriamente, xa que celebraremos as **Ludyolimpiadas**, un evento deportivo no que se realizan distintas actividades físicas. Farémolas na nosa rúa Río Lambre e participará todo o alumnado a partir das 9:30 horas aproximadamente. Por suposto, estamos desexando que asistades a compartilas con nós e así poder ver aos vosos fillos.
- A partir do día 21 de xuño sairá publicada a edición nº 47 da **Revista Compa**.
- O acto de **despedida de 6º** de Primaria será o **luns 26 de xuño ás 11:00 horas**. Será para dito alumnado e acompañantes.
- Lembrede que o último día para a presentación de **solicitudes ao banco de libros e axudas** ao material é o **mércores 21 de 16:30 a 18:00 horas**. Aínda que en 5º e 6º traballaremos con EDIXGAL pódense solicitar as axudas para mercar material coma sempre. Estade atentos ás publicacións que faremos sobre as listaxes das axudas. Lembrámosvos que o horario é os luns e mércores de 16:30 a 18:00 horas. Os alumnos beneficiarios do banco de libros deberán ter devoltos os mesmos antes do 20 de xuño segundo as indicacións dos mestres titores.
- A listaxe de **libros e material de Infantil e Primaria** para o vindeiro curso sairá publicada a partir do 22 de xuño.

Desexamosvos un bo e feliz descanso neste verán. Felices vacacións!

A Dirección.